

Título: Nai Terra
Relato curto clásico
Categoría: BACHARELATO
Pseudónimo: Narón

Nai Terra

Volve atardecer en Fisterra. As luces do ocaso debuxan formas sobre as augas. Nas ondas flotan espellos translúcidos. Formas esvaecidas entre a espuma que compoñen a imaxe.

Semella mais non é un retrato de beleza. É unha escena trágica. A derrota da maior xigante. A Nai. O océano do cal saímos, camiñando como anfibios primeiro, erguidos despois, morre ante os nosos ollos. A posta do sol de Fisterra é o luscofusco da natureza. Pola contra, a guerra que devasta os mares non foi vencida polos espellos nas augas. Aínda quedan pequenas mentes mirando con ollos cheos de esperanza o romper do mar contra as rochas.

A forza dos pequenos non debe ser subestimada. O fulgor da súa fe contén o poder de devolver a vida. A bravura do seu alento pode ser o novo vento que faga xirar as correntes estancadas, o fango de plástico.

Narón